

CURSO: 2023-2024

1. NOME DO CLUB: “A curuxa lectora”, IES Coruxo

2. BREVE HISTORIA

O club de lectura “A curuxa lectora” do IES Coruxo comezou a súa andaina no curso 2021-22 e continúa a súa actividade para o curso 2023-2024 co propósito de seguir mellorando e atraendo mais lectores de idades temperás, e aproveitando a experiencia dos anos precedentes. Este ano mantemos un grupo estable e motivado, tanto de alumnado como de persoal docente, que repite no Club de lectura de ano en ano, e ademais estanse a apuntar moitos alumnos novos de primeiro curso.

3. FINALIDADE DO CLUB DE LECTURA. RELACIÓN CO PROXECTO LECTOR DE CENTRO E A BIBLIOTECA ESCOLAR.

A principal motivación do Club de Lectura é inculcar nos alumnos e alumnas un hábito de ler por lecer. Moitos dos nosos participantes son usuarios habituais da nosa Biblioteca e alumnos e alumnas que participan activamente nos proxectos que se levan a cabo dende o Equipo de Dinamización Lingüística (lecturas colaborativas co gallo dalgunha celebración, exposicións, obradoiros poéticos, contacontos...).

Debemos destacar así mesmo a boa acollida que o club tivo neste comezo do curso 23-24 entre o alumnado de 1º ESO, polo que agardamos manter unha boa canteira lectora para vindeiras edicións. Por todo isto faise evidente que o valor do club de lectura vai mais aló do fomento do hábito lector, converténdose as mais das veces nun espazo de convivencia que serve para crear comunidade.

4. ACTIVIDADES PREVISTAS:

- Reunións nos recreos dos integrantes do club para poñer en común a experiencia lectora dos participantes (unha polo menos por mes).
- De ser posible, contaremos de xeito presencial ou virtual con algún dos autores escollidos ou intercambiaremos mensaxes (mediante correos electrónicos, videochamadas...) para achegarlles as nosas reflexións sobre as obras lidas.
- Visitas ou roteiros a lugares de interese vinculados coas lecturas, para o que trataremos de escoller lecturas en galego e ambientadas en Vigo e a súa contorna.
- Co gallo dalgunha data relevante (25 de novembro, contra a Violencia de Xénero; 21 de marzo, Día da Poesía...) faremos lecturas de fragmentos de novelas, contos, poemas...
- Narracións de contos de medo e xogos de busca no Samaín.

5. ACTIVIDADES ESPECÍFICAS DE IMPULSO Á NOSA LINGUA

No relativo ás actividades específicas de impulso á nosa lingua, comezaremos este trimestre con unha novela dunha autora galega e cuxa acción ocorre integramente en Vigo e contorna: Sete caveiras, de Elena Gallego Abad. Do resto das novelas elixidas: A evolución de Calpurnia Tate (para os dous grupos

de 1ºESO) e A historia interminable, a maioría dos exemplares que temos na biblioteca están traducidos ao galego.

Ademais, en colaboración coa Biblioteca e o Equipo de Dinamización, animaremos ó alumnado a participar no concurso de cabzas e de relatos de medo “En galego, pasámolo de medo” en motivo da celebración do Samaín.

6. ACTIVIDADES PARA FOMENTAR A PARTICIPACIÓN DOS VARÓNS:

No curso pasado propuxémonos achegar ós alumnos varóns ó club visibilizando e promocionando lecturas que resultasen mais atractivas en canto a temas e/ou formatos. Actualizamos o noso catálogo mercando cómic, manga e novelas gráficas de temáticas variadas que tiveron e seguen a ter moito éxito e demanda non só entre os integrantes do club senón tamén entre o resto da comunidade educativa.

Organizamos co gallo do Samaín unha actividade de tipo *xincana* que consistirá en que os alumnos mais novos do Club de Lectura (1º e 2º de ESO) busquen no instituto unhas pistas deixadas para a ocasión mentres os mais maiores, de 1º de bacharelato os axexan. Dous profesores e unha nai supervisaremos esta actividade, que se desenvolverá un venres pola tarde.

7. ACTIVIDADES PARA INCENTIVAR A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO:

O noso club pretende integrar toda a diversidade do noso centro. Polo tanto o alumnado é invitado a participar en calquera momento nas nosas reunións. Algúns acoden á biblioteca acompañando á membros do club e familiarízanse co funcionamento das charlas (escoitan as intervencións, manipulan os libros, ollan as ilustracións, propoñen lecturas...). A nosa intención e que se integren de xeito natural no grupo.

Unha das actividades consistirá en deseñar insignias no Aula Virtual do centro para os integrantes do Club de Lectura, e fabricar chapas decoradas cunha máquina. O deseño destas correrá a cargo dos alumnos e alumnas do Club. O obxectivo desta actividade é triplo, por un lado, de integración e apoio ao alumnado, por outro de publicidade e visibilidade e por último de fidelización do alumnado ao club.

8. COMPOSICIÓN E NÚMERO DE PARTICIPANTES APROXIMADO.

No momento de elaboración deste proxecto o número de integrantes do club é de 29 alumnos tendo tanto alumnos de ESO como de bacharelato e 10 docentes pertencentes a distintos departamentos:

A relación de profesorado participante é a seguinte:

Xosé Ramón Alonso Priegue (xefe de estudos e membro do departamento de Lingua Galega), Nuria Pazos Hermida (Orientación), Natalia López Rodríguez (Biloxía), María Luísa Portela Yáñez (Inglés), Carlos Vaquero Cervino (Matemáticas), Eloi Sobradelo Vicente (Economía), Antonio Iglesias Mira (Lingua Galega), Emma Belia Pérez Correa e Rodrigo Varela Cabezas (Lingua Castelá), Miguel Ángel Rodríguez López (Filosofía), Rubén Rodríguez García (Historia), Nerea Rodríguez Rodríguez (Física e Química) Cristina Toural Rodríguez (Francés) e Mónica Pérez Cortés (Música).

Coordinador: Carlos Vaquero Cervino.

O número de participantes e a organización dos espazos e os tempos aconsella facer este curso catro grupos. O alumnado pertencente a 1º da ESO, que son 16 alumnos e alumnas, será repartido en dous grupos, outro grupo con alumnado de 2º ESO (8 integrantes) e por último, un terceiro grupo co alumnado dos cursos mais altos, que son tres rapaces e dúas rapazas.

9. FORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO PREVISTOS

A organización nas distintas reunións facilitará a posta en común das lecturas nun clima distendido e favorable á charla. O espazo adicado a tal fin será predominantemente a biblioteca.

Contemplamos tamén a posibilidade de habilitar outros espazos ó aire libre coa chegada do bo tempo (patio exterior do centro) ou aqueles nos que se dispoña de mais superficie (salón de actos, patio interior central...).

Cada trimestre escollerase unha lectura para cada grupo (catro lecturas polo tanto por trimestre)

O profesorado repartirase en cada grupo de xeito variable en cada trimestre, segundo o gusto de cada un, e comprométese a acompañar ao alumnado dun grupo lendo o seu libro e tamén acudindo ás xuntanzas, principalmente para moderalas aínda que por suposto poden participar nelas. O coordinador do Club de Lectura, que fai as convocatorias, estará en todas as reunións.

10. HORARIO E CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DAS REUNIÓN PRESENCIAIS E/OU VIRTUAIS.

As reunións do noso club realizaranse no tempo adicado ó primeiro recreo (10.10-10:30), cunha periodicidade mensual. Ó inicio do trimestre convocarase ós integrantes do club (a primeira reunión, foi o xoves 19 de outubro) para facer a presentación dos títulos escollidos. Nas sesións posteriores faremos a posta en común das dúbidas, reflexións, experiencias... aportadas polas nosas lecturas.

As seguintes reunións acontecerán na semana do 13 ao 19 de novembro.

11. MEDIOS QUE SE UTILIZARÁN PARA A SÚA DIFUSIÓN.

Os medios que adicaremos a difundir as actividades do club serán os seguintes:

- Taboleiro da biblioteca.
- Informacións aos pais a través de Abalar Mobil.
- Carteis nas escaleiras, aulas e na entrada do centro.
- Páxina web do instituto.
- Difusión na conta de Twitter do centro
- Aula virtual do IES. Curso específico creado para que todos os integrantes do club poidan facer as súas achegas e comentarios sobre as distintas lecturas e eventos celebrados. A tal efecto habilitarase de novo este ano un espazo de foro no que se pretende que a interacción entre os lectores sexa fluída e activa (achegando comentarios, suxestións de lectura...)